

## ENTREVISTA A UN PERCEBEIRO

Os percebeiros de Cedeira traballan máis na nosa costa ca na deles, por iso non queren deixala tan facilmente. Recentemente saiu unha nova lei na que se concedían os dereitos para os percebes a cada confraría sobre a súa costa.

Cariño xa había tempo que pedira estes dereitos, pero tardaban pola influencia que tiñan as autoridades de Cedeira, xa que os seus mariñeirosexplotaban esta zona. Os de Cariño decidíronse e xuntáronse con forza xa que teñen a lei do seu lado polo que eran eles os que poñían as condicións para entrar na asociación de percebeiros de Cariño. Estas condicións eran as seguintes:

- Nunca poderá haber máis percebeiros de fóra ca de Cariño, xa que senón poderán mandar más ca estes e non servirá de nada a concesión.
- Deberase contratar a un biólogo que estudie a zona e que estableza veda e límite de capturas, as cales terán que ser respectadas.
- Dividirase a zona en tres partes ó longo da costa; estas zonas terán a súa respectiva época de explotación.
- Os percebeiros asociados terán que pertencer á confraría de Cariño e vender as capturas na lonxa de Cariño.

Despois de establecerse estas normas, tivo lugar unha reunión co Concelleiro de Pesca na que se lles pedía ós dirixentes cariñeses que deixasen traballar ós percebeiros de Cedeira; pero non foi posible chegar a ningún acordo debido a que os cariñeses teñen tódolos dereitos legais.

Ante esta situación que afecta ós nosos percebeiros, esta revista decidiu entrevistar a un afectado cariñés para que nos dese a súa opinión.

**GOLFIÑO:** *¿Que pensa que vai ser dos percebeiros de Cedeira que traballaban na nosa costa?*

**PERCEBEIRO CARIÑÉS:** O que lles pase é problema deles; teñen que saber traballar a súa zona, saber cultivar as pedras da súa costa, facer as súas vedas, cambiar de arte... O que non pode ser é que ti teñas unha casa mellor cá miña e eu che vaia a vivir nela.

Nós deixamos vir a trinta ou corenta, que serán tantos coma nós ou algo menos, e o resto que traballen por aló. O mesmo nos está a pasar a nós coa pesca de altura, se non tes licencia non podes ir a Francia, e se queres ir ó Gran Sol tes que ter licencia; eles non pensan en ti. O mesmo pasa en Asturias, está todo controlado alí.

**GOLFIÑO:** *¿Parécelle que vai mellorar a situación da confraría con este cambio?*

**PERCEBEIRO CARIÑÉS:** Si, en principio, porque os percebeiros de Cedeira non respectaban o límite de capturas o que perxudicaba a produción da costa. E despois porque, ó ser nós os únicos que vendemos na lonxa, a demanda vai aumentar a favor nosa; é dicir, van vir máis compradores e van subir os prezos de tódalas especies.

**GOLFIÑO:** *¿Non cre que nos poderían prexudicar os mariñeiro de Cedeira se cambiassen de arte e viñesen por aquí?*

**PERCEBEIRO CARIÑÉS:** Non, non creo, porque eles teñen as súas zonas por aló, peixes teñen igual ca nós, non se molestarían en vir ata aquí debido a que non fan aumentar as súas capturas.

GOLFIÑO: *¿Que lle parece o feito de que os cedeiráns se vaian manifestar por mar e por terra en contra destas decisións?*

PERCEBEIRO CARIÑÉS: A miñ dámme igual, que fagan o que queíran; para iso están as autoridades. Só digo que os cártoos dos percebes que collan no Ortegal, sen nasas, debénollos entregar a nós. É así.

GOLFIÑO: *¿Houbo algúun problema con algúun dos percebeiros?*

PERCEBEIRO CARIÑÉS: Si, aínda o outro día nun bar do Barqueiro empezaron a falar do tema e dixéronme a miñ que para que querían todo o percebe os de Cariño, que por que non se pode ir alí. E díxenlle eu “ti tes unha casa” -e dixo “sí”- e tes unhas normas -e dixo “sí”- e se algúun visitante non as cumple bótalo fóra, -e dixo “sí”-. Pois a costa do Ortegal é a miña casa e a dos de Cariño.”

Ao final desta entrevista, este reportero chegou á conclusión de que por moitas protestas que fagan os de Cedeira non parece que os nosos percebeiros lles permitan seguir mariscando nesta zona, xa que a concesión deixaría de ter sentido.

Reportaxe elaborada por Modesto A. Garrote (2º A)

